

## *Á luz da Candeira*

### **PROFESORADO**

Henrique Salvador Estévez Hernández 36147514R Coordinador Lingua e  
Daniel Barbero Patiño 36169303D Docente Lingua e literatura galega

### **ALUMNADO 1º ESO LINGUA GALEGA**

### **TÍTULO**

*Á luz da Candeira*

Proxecto escolar do IES Politécnico de Vigo, que ten como obxectivo a creación dun proceso de participación da Comunidade Escolar no coñecemento, conservación e posta en valor do Patrimonio Cultural Inmaterial galego; para unirse á Rede de Centros “Ponte... nas ondas! Modelo de boas prácticas co Patrimonio Cultural Inmaterial (PCI)” durante o curso 2023/24.

### **INTRODUCCIÓN**

O IES Politécnico de Vigo impulsa, coordina e organiza o proxecto *Á luz da Candeira*, co obxectivo primordial de traballar co alumnado os valores relacionados coa conciencia de coñecemento, recollida e posta en valor do noso patrimonio cultural e inmaterial; que se canalizarán a través de distintos medios, como serán a emisora escolar ou a creación dunha web conxunta coa información recollida. Ademais, este proxecto centrarase especialmente nos ámbitos da tradición oral e a fotografía; pois, por unha banda, o alumnado participante terá que realizar un proceso de recollida e difusión (creación web-radio escolar) dun repertorio de tradicións orais (contos, cantigas, adiviñas...) recollidas por eles elas mesmas ás súas familias, e, pola outra, terán que recoller fotografías antigas ás súas familias, coas que traballaremos durante boa parte do curso, tanto a expresión escrita (coa redacción de textos descritivos); como a expresión oral (coa creación de *podcasts* sobre as fotografías).

### **OBXECTIVOS**

Promover o coñecemento do Patrimonio Cultural Inmaterial galego entre o alumnado máis novo do noso centro.

Promover a relación interxeracional coas familias do alumnado (especialmente cos máis maiores) e o transvase de coñecementos.

Elaborar proxectos documentais e gráficos do proxecto.

Identificar a lingua galega cunha actividade de coñecemento cultural e de activismo social.

Transmitir actitudes, motivacións e estímulos que favorezan o coñecemento da nosa tradición oral (contos, lendas, cantigas..), ou o coidado da memoria das nosas familias (patrimonio fotográfico).

A participación directa por parte do alumnado no deseño dun proxecto de recollida e posta en valor do noso patrimonio cultural e inmaterial

A xestión directa do proceso de comunicación en varios campos: web institucional, redes sociais, prensa convencional, prensa dixital, radio e televisión.

A elaboración de textos adecuados a diferentes necesidades comunicativas do proxecto: presentación do proxecto, entrevistas a axentes implicad@s, creación de programas de radio, creación de web sobre tradicións orais... oral actualizada, etc.

O fomento do traballo en grupo, a través de dinámicas colaborativas dentro do noso instituto e con outros axentes educativos e sociais.

## **ORGANIZACIÓN**

Aulas maxistras sobre o patrimonio cultural inmaterial galego, para alumnado de de 1º ESO (decembro 2023-xuño 2024)

Aulas maxistras sobre a tradición oral galega e a súa recollida, para o alumnado de 1º ESO (decembro 2023-xuño 2024)

Recollida de tradicións orais polo alumnado no ámbito familiar (Nadal 23-24)

Visionado de exemplos e posterior debate no ámbito da creación audiovisual patrimonial, ben sexa na aula de referencia do alumnado ou no Salón de Actos (xaneiro-xuño 2024).

Organización de charlas formativas no noso centro (Salón de actos) con persoas especialistas no patrimonio cultural inmaterial, como o profesor Xosé Couñago (febreiro-marzo 2024).

Recollida de fotografías por parte do alumnado ás súas familias para o concurso de Ponte nas Ondas (marzo-abril 2024)

Realización de programas de radio durante todo o proxecto, relacionados coas recollas feitas polo alumnado (canle en Ivoox.com)

Realización dunha web con toda a información recollida durante o proxecto (xaneiro 2024-xuño 2024)..

Participación no concurso de Ponte nas Ondas (fotografía e podcasts, xuño 2024)

Realización dun álbum fotográfico final, con todo o traballo recollido (xuño 2024).

Creación de Canle de Youtube (vídeos do proxecto?) (xaneiro-xuño 2024).

## **AVALIACIÓN**

### **Criterios e indicadores para a avaliación**

Avaliacións do proceso a través de enquisas cualitativas por parte das persoas participantes.

Avaliación externa por parte de diferentes axentes colaboradores.

Extensión da rede social, nesta altura no grupo impulsor participan X alumnos e alumnas, e X profesorado colaborador.

Alcance das redes sociais do proxecto: Ivoox /Youtube

Número de visionados dos vídeos na Canle en Youtube.

Audiencias estimadas nos programas de radio e lectores potenciais da prensa impresa e da prensa dixital.

### **Medidas de difusión do proxecto**

É importante sabermos que *Á lus da Candeira* é un proceso de creación de comunidade, ou sexa, é un proceso de comunicación que parte do propio alumnado e profesorado, e se converte nun proceso de comunicación social entre o alumnado e as súas familias.

*Á lus da Candeira* será un proxecto de traballo educativo do centro e mobiliza os principais recursos comunicativos internos: traballo nas aulas, organización de actividades escolares e extraescolares, difusión cara dentro e fóra nas redes sociais, na emisora do noso centro e tamén nos medios de comunicación convencionais e non convencionais. Xa que logo, tentaremos que os medios de comunicación locais e autonómicos se fagan eco da difusión do proxecto (La Voz de Galicia, Faro de Vigo, TVG, Radio Galega, Nós. ).